

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS  
CURSO: 1º BAC  
MATERIA: TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I  
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA  
DATA: 7 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Tempor.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe imprescindibles	Grao mínimo de consecución e competencias imprescindibles
1ª avaliación	<b>Bloque 4. Recursos enerxéticos</b>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Definición de enerxía. Unidades de medida. Fontes e formas de enerxía. (TI1B4.1.1., TI1B4.1.2.)</li> <li>Obtención, transformación e transporte das fontes de enerxía. Importancia do uso de enerxías renovables. (TI1B4.1.1.)</li> <li>Combustibles fósiles: obtención, transformación e impacto ambiental. (TI1B4.1.1.)</li> <li>Modelización elemental e descrición de centrais de produción e de transformación de enerxía eléctrica. (TI1B4.1.2.)</li> <li>Produción e distribución da enerxía eléctrica en Galicia. (TI1B4.1.1.)</li> <li>Impacto ambiental da produción enerxética. (TI1B4.1.1.)</li> <li>Importancia dos recursos enerxéticos e o seu impacto no desenvolvemento dunha sociedade sustentable. (TI1B4.1.1.)</li> <li>Consumo enerxético. Cálculos e estimacións de consumo. Técnicas e criterios de aforro enerxético. (TI1B4.2.1., TI1B4.2.2., TI1B4.2.1.)</li> </ul>	<p><b>B4.1.</b> Analizar a importancia que os recursos enerxéticos teñen na sociedade actual, e describir as formas de produción de cada unha, así como as súas debilidades e fortalezas no desenvolvemento dunha sociedade sustentable.</p>	<p><b>TI1B4.1.1.</b> Describe as formas de producir enerxía, en relación co custo de produción, o impacto ambiental e a sustentabilidade.</p> <p><b>TI1B4.1.2.</b> Debuxa diagramas de bloques de diferentes tipos de centrais de produción de enerxía, e explica cada bloque constitutivo e as súas interrelacións.</p>	<p>Coñece a importancia de enerxía na sociedade actual e da necesidade do seu aforro.</p> <p>Identifica as consecuencias que ten o uso abusivo das enerxías non renovables, especialmente no medioambiente.</p> <p>Entende que a enerxía pode transformarse dunha forma a outra, que tales transformacións non son perfectas.</p> <p style="text-align: center;">CD CMCCT CCL CSC</p>

Bloque 1. Produtos tecnolóxicos: deseño, produción e comercialización				
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proceso cíclico de deseño, produción, comercialización e mellora de produtos. Importancia das novas tecnoloxías. (TI1B1.1.1.)</li> <li>• Análise sistemática de produtos tecnolóxicos actuais e do seu impacto social. (TI1B1.1.1.)</li> <li>• Distribución de produtos. O mercado e as súas leis básicas. (TI1B1.1.1.)</li> <li>• Normalización e control de calidade. Patentes. (TI1B1.2.1., TI1B1.2.2)</li> <li>• Planificación e desenvolvemento práctico dun proxecto de deseño e comercialización dun produto. (TI1B1.1.1.)</li> </ul>	<p><b>B1.1.</b> Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar acerca da súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social.</p>	<p><b>TI1B1.1.1. Deseña unha proposta dun novo produto tomando como base unha idea dada, explicando o obxectivo de cada etapa significativa necesaria para lanzar o produto ao mercado.</b></p>	<p>Comprende a necesidade da sociedade actual de planificar o deseño, a produción e a distribución e comercialización dos produtos. Entende as leis do mercado: oferta e demanda. CD CMCCT CCL CAA CSIEE CSC CCEC</p>
Bloque 3. Materiais e procedementos de fabricación				
2ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estado natural, obtención e transformación dos materiais. Propiedades máis relevantes e estrutura interna dos materiais de uso técnico. (TI1B3.1.1., TI1B3.1.2.)</li> <li>• Identificación das formas de presentación e selección de materiais comúns en aplicacións características. (TI1B3.2.1.)</li> <li>• Impacto ambiental dos materiais producido en todo o seu ciclo de obtención,</li> </ul>	<p><b>B3.1.</b> Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos, recoñecendo a súa estrutura interna en relación coas propiedades que presentan e coas modificacións que se poidan producir.</p>	<p><b>TI1B3.1.1. Establece a relación entre a estrutura interna dos materiais e as súas propiedades.</b></p> <p><b>TI1B3.1.2. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna.</b></p> <p><b>TI1B3.2.1. Describe, apoiándose na información obtida en internet, materiais imprescindibles para a obtención de produtos tecnolóxicos relacionados coas</b></p>	<p>Entende a relación existente entre a estrutura interna dos materiais e as súas propiedades, e coñece a existencia de procedementos que modifican unhas e outras.</p> <p>Coñece as técnicas empregadas na fabricación dun produto dado. CD CAA CSIEE CSC</p>

	<p>transformación e refugo. (TI1B3.4.1.)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Técnicas de fabricación: tipos e clasificación. Máquinas e ferramentas apropiadas para cada procedemento. (TI1B3.3.1., TI1B3.3.2., TI1B3.3.3.)</li> <li>• Criterios de uso e mantemento de máquinas e ferramentas. Normas de seguranza e hixiene no traballo. Exemplificación dalgunha técnica sinxela de fabricación con máquinas e ferramentas axeitadas. Novas tecnoloxías aplicadas aos procesos de fabricación. (TI1B3.2.1., TI1B3.3.3.)</li> <li>• Impacto ambiental e social da obtención de materiais e da fabricación de produtos tecnolóxicos. (TI1B3.4.1.)</li> </ul>	<p>B3.2. Relacionar produtos tecnolóxicos actuais ou novos cos materiais que posibilitan a súa produción, asociando as súas características cos produtos fabricados, utilizando exemplos concretos.</p> <p>B3.3. Describir as técnicas utilizadas nos procesos de fabricación tipo, identificando as máquinas e as ferramentas utilizadas e as condicións de seguridade propias de cada unha, apoiándose na información proporcionada na web dos fabricantes.</p> <p>B3.4. Analizar o impacto ambiental e social que poden producir os procesos de obtención de materiais e os procesos de fabricación.</p>	<p><b>tecnoloxías da información e da comunicación.</b></p> <p><b>TI1B3.3.1. Explica as principais técnicas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado.</b></p> <p><b>TI1B3.3.2. Identifica as máquinas e as ferramentas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado.</b></p> <p><b>TI1B3.3.3. Describe as principais condicións de seguridade que se deben aplicar nun determinado ámbito de produción, desde o punto de vista tanto do espazo como da seguridade persoal.</b></p>	
3ª avaliación	<b>Bloque 2. Máquinas e sistemas</b>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Máquinas e sistemas: elementos e dispositivos que os compoñen. (TI1B2.1.1., TI1B2.1.2.)</li> <li>• Elementos dun circuíto xenérico: xerador, condutores, dispositivos de regulación e</li> </ul>	<p>B2.2. Realizar esquemas de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos que dan solución a problemas técnicos, con axuda de programas de deseño</p>	<p><b>TI1B2.2.1. Deseña, utilizando un programa de CAD, o esquema dun circuíto eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico que dea resposta a unha necesidade determinada.</b></p>	<p>Calcula os parámetros básicos de funcionamento dun circuíto eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico, a partir dun esquema dado.</p>

	<p>control, receptores de consumo e utilización. Representación esquematizada de circuitos. Simbología. Interpretación de planos e esquemas. Cálculos. (TI1B2.2.1, TI1B2.2.2., TI1B2.3.1., TI1B2.3.2., TI1B2.4.1.)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Circuitos pneumáticos e hidráulicos. Simbología normalizada. (TI1B2.2.1, TI1B2.2.2., TI1B2.3.1., TI1B2.3.2., TI1B2.4.1.)</li> <li>• Simulación, montaxe e experimentación de circuitos eléctricos e pneumáticos característicos. (TI1B2.2.1, TI1B2.2.2., TI1B2.3.1., TI1B2.3.2., TI1B2.4.1.).</li> </ul>	<p>asistido, e calcular os parámetros característicos destes.</p> <p>B2.3. Verificar o funcionamento de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos e hidráulicos característicos, interpretando os seus esquemas, utilizando os aparellos e os equipamentos de medida adecuados, interpretando e valorando os resultados obtidos, apoiándose na montaxe ou nunha simulación física destes.</p>	<p><b>TI1B2.2.2. Calcula os parámetros básicos de funcionamento dun circuito eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico, a partir dun esquema dado.</b></p> <p><b>TI1B2.3.1. Verifica a evolución dos sinais en circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos, debuxando as súas formas e os valores nos puntos característicos</b></p> <p><b>TI1B2.3.2. Interpreta e valora os resultados obtidos de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos.</b></p>	<p>Verifica a evolución dos sinais en circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos, debuxando as súas formas e os valores nos puntos característicos</p> <p>CD CMCCT CAA CSIEE</p>
--	--	---	---	--

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego de software de simulación.</li> <li>• Realización de boletíns de exercicios.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b>          Unha vez avaliadas as actividades de recuperación para aqueles alumnos que tivesen algunha avaliación suspensa, farase a media das dúas primeiras avaliacións, e engadiráselle un punto a esa nota se o alumno continuou traballando na terceira avaliación, entregando algunha das actividades propostas. Se o alumno amosa un grande esforzo presentando todas as actividades propostas na terceira avaliación en prazo e acadando nelas a excelencia, engadiráselle á nota media das dúas primeiras avaliacións dous puntos.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Se as condicións sanitarias o permiten, en setembro se realizará unha proba única que englobará contidos das dúas primeiras avaliacións, atendendo aos estándares mínimos xa indicados. A nota desa proba será a de a avaliación extraordinaria de setembro.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b>  <b>Criterios de cualificación:</b>  <b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <p>Non hai alumnado coa materia pendente.</p>

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p>Xa que a porcentaxe de aprobados nas dúas primeiras avaliacións foi do 100%, non se propuxeron actividades de recuperación ou reforzo. Optamos polas actividades de ampliación e por continuar coa formación dos alumnos seguindo a programación tal e como foi deseñada a principio de curso, co traballo de dúas unidades didácticas: “Circuitos eléctricos” e “Circuitos neumáticos”. Como actividades, os alumnos resolverán e presentarán boletíns de exercicios relacionados cos estándares propios destas unidades. Como complemento a estas actividades, os alumnos empregarán software específico de simulación de circuitos neumáticos e eléctricos.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Para traballar as actividades propostas neste período de confinamento, comezamos as unidades didácticas cunha introdución a través dun videotutorial, para repasar e poñer en valor os coñecementos que os alumnos xa teñen en relación coa unidade. Do mesmo xeito, poñemos a disposición dos alumnos presentacións nas que se recollen dunha forma amena todos os contidos que os alumnos teñen que traballar. Para rematar a unidade, os alumnos resollen e respostan cuestionarios ou boletíns de exercicios, que serven para reforzar e afondar nos seus coñecementos e traballar as competencias básicas. Estes boletíns son corrixidos polo profesor e a corrección, enviada ao alumno como sistema de retroalimentación. Pódense convocar videoconferencias para a solventar dúbidas.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Presentacións e videotutoriais, boletíns de actividades e cuestionarios, software específico.</p>



### 3. Información e publicidade

<p><b>Información ao alumnado e ás familias</b></p>	<p><b>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</b></p> <p>Todos os materiais son postos á disposición do alumnado a través da aula virtual do centro, onde contan ademais de co material específico para traballar as diferentes unidades didácticas, con enlaces e referencias a outros contidos de interese.</p> <p>Por outra banda, tamén contamos como vía de comunicación aberta constantemente para trasladar información ao alumnado e recibir información deles, coa conta de correo electrónico do dominio <a href="mailto:telleiras.org">telleiras.org</a>, propia do noso centro e que restrinxe o intercambio de información a alumnos e profesores do centro. Tamén dispoñemos da conta de correo corporativa <a href="mailto:edu.xunta.es">edu.xunta.es</a> para comunicarnos cos alumnos e familias.</p> <p>Por último, contamos coa realización de videoconferencias cos alumnos a través da plataforma Cisco Webex.</p>
<p><b>Publicidade</b></p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>